



Guía Docente

Datos Identificativos					2020/21
Asignatura (*)	Métodos e técnicas de recollida de información en psicoloxía aplicada	Código	652438002		
Titulación	Mestrado Universitario en Psicoloxía Aplicada				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Psicoloxía				
Coordinación	Risso Miguez, Alicia Gloria	Correo electrónico	alicia.risso@udc.es		
Profesorado	Risso Miguez, Alicia Gloria	Correo electrónico	alicia.risso@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Esta materia ofrece unha revisión de nivel avanzado sobre as metodoloxías e técnicas de investigación no ámbito da psicoloxía aplicada. Realízanse análises metodolóxicas dos métodos e técnicas de recollida de información empregados en traballos relevantes nese contexto e vincúlase cun proxecto de investigación.				
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se modifican.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Lecturas, Obradoiro, Traballos tutelados, Presentación oral, Proba obxectiva.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Teams da materia, teléfono do despacho, correo electrónico.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non se modifica.</p> <p>*Observacións de avaliación: Se non fose posible realizar a proba obxectiva nas instalacións da Facultade, farase de forma telemática. En calquera caso, levarase a cabo a través de Moodle.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non son necesarias. Os materiais de lectura e traballo estarán dispoñibles no Moodle da materia desde o inicio do cuatrimestre.</p>				

Competencias do título

Código	Competencias do título
A3	Ser capaz de elaborar un informe científico que implique definir un problema de investigación, as hipóteses e variables asociadas, así como definir o deseño, a mostra e o seu modo de selección, as ferramentas de recollida de datos e a súa consecuente análise e discusión.
A9	Coñecer os métodos e técnicas cuantitativos e case-cuantitativos de recollida de información en psicoloxía aplicada.
A10	Ser capaz de deseñar instrumentos de recollida de información en programas de intervención psicolóxica.
A17	Ser capaz de comunicar os resultados dunha investigación.



B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Capacidade de organización e planificación.
B3	Traballo en equipo.
B6	Razoamento crítico.
B7	Compromiso ético.
B8	Aprendizaxe autónoma.
B10	Motivación pola calidade.
B11	Resolución de problemas.
B13	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
		AI9	BI1 BI2 BI6
	AI3 AI9 AI10 AI17	BI1 BI2 BI3 BI6 BI7 BI8 BI10 BI11 BI13	CM1 CM3 CM6 CM8
		BI7 BI10	CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Características dos instrumentos, técnicas e procedementos de recollida de información en programas de intervención psicolóxica	1. Metodoloxía experimental e cuasi-experimental 2. A observación como metodoloxía e como técnica 3. Enquisas e entrevistas 4. Metodoloxías cualitativas
2. Deseño, construción, avaliación e aplicación de instrumentos de recollida de información en psicoloxía aplicada	1. Deseño 2. Construción 3. Avaliación 4. Aplicación 5. Asignación e interpretación de puntuacións
3. Probas e escalas para os dominios cognitivo e non-cognitivo	1. Exemplos prácticos 2. Análise de investigacións representativas de Psicoloxía Aplicada nas que se empreguen probas e escalas para os dominios cognitiva e non-cognitivo



4. Enquisas e cuestionarios	1. Exemplos prácticos 2. Análise de investigacións representativas de Psicoloxía Aplicada nas que se empreguen probas e escalas para os dominios cognitivo e non-cognitivo
5. Aplicación das novas tecnoloxías á recollida de información en programas de intervención psicolóxica	1. A recollida de datos a través de internet: características, consideracións, vantaxes e inconvenientes 2. Programas informáticos e software de apoio 3. Aplicacións prácticas

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A9 A10 A17 B6 B8	0	15	15
Obradoiro	B1 B3 B6 B11 B13 C1 C3 C6	7	10	17
Traballos tutelados	A3 A10 A17 B1 B2 B3 B6 B7 B10 B13 C1 C3 C6 C8	5	10	15
Presentación oral	A17 B1 B2 B3 B6 B7 B10 B13 C1 C3 C8	1	5	6
Sesión maxistral	A3 A9 A10 A17 B1 B6 C3 C6 C8	7	0	7
Proba obxectiva	A9 B6 B8 B11 B13	1	8	9
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Selección de lecturas que se comentan posteriormente en clase e que serven para que serven para os traballos tutelados. Responderase a un cuestionario online sobre elas, como control de lectura.
Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc.), a través da que o alumnado realiza tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, con apoio e supervisión do profesorado.
Traballos tutelados	Análise metodolóxica de investigacións relevantes dentro do ámbito da psicoloxía aplicada, seguindo as directrices da Guía de Análise que se ofrece no curso.
Presentación oral	Exposición dun dos traballos tutelados.
Sesión maxistral	Avaliaranse cos traballos tutelados e na proba obxectiva final.
Proba obxectiva	Pode combinar distintos tipos de preguntas: preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os traballos requiren dun seguimento individual ou en grupo pequeno do profesorado.
Presentación oral	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A3 A9 A10 A17 B1 B6 C3 C6 C8	Avalíanse cos traballos tutelados e na proba obxectiva final.	0



Traballos tutelados	A3 A10 A17 B1 B2 B3 B6 B7 B10 B13 C1 C3 C6 C8	Realización de análises metodolóxicas dos métodos e técnicas de recollida de información empregadas en publicacións relevantes en Psicoloxía Aplicada. Séguese a "Guía de análise" que ofrece a materia. (Actividade de equipo).	18
Lecturas	A9 A10 A17 B6 B8	Avalíanse cos traballos tutelados e na proba obxectiva final.	0
Obradoiro	B1 B3 B6 B11 B13 C1 C3 C6	Resolución das prácticas iniciadas en clase e rematadas de forma non-presencial. (Actividade de equipo). Sumarase individualmente a asistencia, a condición de que estea por encima do 80 %.	20
Presentación oral	A17 B1 B2 B3 B6 B7 B10 B13 C1 C3 C8	Exposición dun dos traballos tutelados (Actividade de equipo).	12
Proba obxectiva	A9 B6 B8 B11 B13	Exame final. Proba obxectiva con catro opcións de resposta por cuestión, das que só unha será correcta.	50

Observacións avaliación

Importante: Para aprobar será necesario obter, como mínimo, a metade da puntuación total posible en cada unha das metodoloxías de avaliación.

Opción A: As prácticas e os traballos tutelados, así como a exposición oral, realizaranse en equipo.

Opción B: O alumnado a tempo completo que non alcance o 80 % de asistencia presencial realizará as prácticas e os traballos tutelados de forma individual. A presentación oral poderá facerse con algún dos equipos existentes.

Opción C: O alumnado a tempo parcial con dispensa de asistencia concedida realizará de forma individual (ou nun equipo con outros/as estudantes na mesma situación) as prácticas e os traballos tutelados. De non existir equipo de estudantes con dispensa, a presentación oral poderá facerse con algún dos equipos existentes.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Texto básico da materia: Reporting Standards for Research in Psychology, APA.MANUAL DE APOIO: NAVAS ARA, M. J. (coord.)(2002). Métodos, diseños y técnicas de investigación psicológica. Madrid: UNED. Libro pensado para o ensino non-presencial, que abrangue practicamente todos os temas relacionados coa metodoloxía de investigación, dende unha introdución sobre o método científico ás distintas metodoloxías e o seu emprego, pasando pola construción de instrumentos de medida. OUTROS TEXTOS RECOMENDADOS: LEÓN, O. y MONTERO, I. (2000). Diseño de investigaciónes. Madrid: McGraw-Hill. Libro de lectura doada e amena, con múltiples exemplos. Moi recomendable. DELGADO, A. R. y PRIETO, G. (1997): Introducción a los métodos de investigación de la Psicología. Madrid: Pirámide. Libro breve y sencillo que aborda una buena parte de los contenidos incluidos en el programa. FONTES, S.; GARCÍA, C.; GARRIGA, A. J.; PÉREZ-LLANTADA, M. C. y SARRIÁ, E. (2001): Diseños de investigación en Psicología. Madrid: UNED. Libro breve e sinxelo que aborda unha boa parte dos contidos incluídos no programa. GARCÍA, C.; QUINTANILLA, L.; GARRIGA, A. J.; FONTES, S.; PÉREZLLANTADA, M. C. y SARRIÁ, E. (2003): Diseños de investigación en Psicología. Cuaderno de Prácticas. Madrid: UNED. Trátase dun Caderno de Prácticas elaborado para esa materia da titulación de Psicoloxía que acompaña á obra do mesmo título realizada por Fontes e col. (2001). Nel ofrécense numerosos extractos de investigacións sobre as que se propoñen distintas actividades aos lectores. GARCÍA, M.; IBÁÑEZ, J. y ALVIRA, F. (comp.) (1994): El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación (2.a ed.). Madrid: Alianza. Manual cunha perspectiva sociolóxica no que se aborda a análise da realidade social considerando os deseños e a forma de recoller e analizar posteriormente os datos. Examinanse as metodoloxías incluídas no programa, cun peso maior á cualitativa e á de enquisas, un capítulo para a metodoloxía observacional e algunha referencia á metodoloxía experimental, pouco utilizada no ámbito do que trata o libro. MELTZOFF, J. (2000): Crítica a la investigación. Psicología y campos afines. Madrid: Alianza. Libro claro e didáctico organizado en dúas partes. Na primeira revísanse todas as fases implicadas na realización dunha investigación. Na segunda propónse un conxunto de 16 artigos ficticios creados polo autor e con erros que o lector debe detectar, se ben cada artigo vai seguido dun comentario do autor onde se sinalan unha boa parte deles. MERINO, J. M.; MORENO, E.; PADILLA, M.; RODRIGUEZ-MIÑÓN, P. y VILLARINO, A. (2001): Análisis de datos en Psicología I. Madrid: UNED. Libro concibido expresamente para o estudo a distancia da estatística descritiva, moi claro e didáctico, cheo de exemplos sinxelos e aclaracións, que resultará de grande utilidade para o alumnado que se achega por vez primeira a eses conceptos estatísticos.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías